

2.2.

políticas activas de emprego

O obxectivo deste capítulo é analizar distintas accións das políticas activas de emprego da Xunta de Galicia, abarcando dende as centradas na formación e colocación ata as dirixidas á promoción de emprego.

Canto ao primeiro apartado, este presenta as distintas accións formativas tanto de carácter ocupacional, dirixidas ás persoas desempregadas, coma as de formación continua, centradas nos traballadores ocupados. Posteriormente, o capítulo detense nas medidas de promoción de emprego, que teñen coma obxectivo á mellora da empregabilidade dos traballadores desempregados, especialmente daqueles que pertencen aos colectivos que acceden ao mercado laboral con máis dificultade.

Formación profesional

O sistema de formación profesional está dividida en tres subsistemas: a FP regrada, a FP ocupacional e a continua. Tendo en conta que a formación profesional regrada pertence ao sistema educativo, e coma tal analízase no capítulo [3.4.- Educación](#), este apartado comeza coa análise das accións formativas de carácter ocupacional, centrada no ámbito laboral e que están dirixidas aos desempregados. Posteriormente, menciónanse os principais datos da formación continua, que pola contra vai dirixida aos traballadores ocupados.

• Formación profesional ocupacional

As medidas de formación profesional ocupacional son un dos elementos máis importantes á hora de lograr unha medra da competencia, empregabilidade e posibilidades de inserción laboral das persoas desempregadas. 2.034 cursos para o exercicio 2006, cun presuposto total de 66,3 millóns de euros. Participaron un total de 31.225 alumnos. Ao igual que o acontecido no exercicio de 2005, descende o número de cursos e alumnos e medra o orzamento total dirixido a estes programas.

No que aos cursos FIP (agás compromisos de contratación) se refire, ao longo do ano 2006 programáronse un total de 1.395 cursos, dos que 927 corresponden ás programacións pluriprovinciais e 468 a cursos de programación provincial. O orzamento total destes cursos, aos que asistiron un total de 20.925 alumnos, ascendeu a 52,4 millóns de euros. Comparado co acontecido no exercicio anterior, no último ano rexístrase un descenso do número de cursos e alumnos, mentres que medra o presuposto.

As principais accións formativas corresponden ás actividades de “administración e oficinas” e do sector servizos ás empresas, que acollen en conxunto case o sesenta por cento dos cursos

Formación profesional ocupacional 2005-06: cursos, presupostos e alumnos

	2005			2006		
	Cursos	Presupostos (en miles de €)	Alumnos	Cursos	Presupostos (en miles de €)	Alumnos
FIP (agás compromisos de contratación)	1.433	44.006,4	22.377	1.395	52.437,8	20.925
Compromisos de contratación FIP	62	1.174,2	885	171	1.475,0	2.565
FIP medios propios	169	5.466,7	1.884	193	8.279,0	2.895
Plan autonómico de formación de formadores	8	100,0	450	22	478,0	330
Outras accións formativas	729	2.996,2	9.991	253	3.639,4	4.510
Total	2.401	53.743,5	35.587	2.034	66.309,2	31.225

Fonte: Consellería de Traballo

○ 2.2.1.

Plan FIP 2006: distribución sectorial

Sector	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en €)
Administración e oficinas	185	2.775	8.048.620
Agraria	43	645	1.574.492
Artesanía	16	240	942.356
Automoción	160	2.425	2.445.501
Comercio	77	1.153	1.836.874
Docencia e investigación	37	555	749.231
Edificación e obras públicas	116	1.732	6.200.133
Formación complementaria	2	30	11.369
Industria pesada e construcións metálicas	52	775	3.003.183
Industrias alimentarias	17	250	752.746
Industrias da madeira e cortiza	34	510	1.906.721
Industrias de fabricación equipos electromecánicos	30	450	1.566.911
Industrias gráficas	2	30	102.673
Industrias químicas	4	65	45.276
Industrias téxtiles	20	300	911.044
Información e manifestacións artísticas	13	195	581.586
Mantemento e reparación	28	415	1.456.094
Montaxe e instalacións	45	675	2.503.116
Produc., transf. e distrib. de enerxía e auga	17	255	580.066
Sanidade	114	1.710	3.648.095
Seguros e finanzas	72	1.080	1.783.106
Servizos á comunidade e persoais	112	1.675	3.498.948
Servizos ás empresas	426	6.390	11.840.322
Transportes e comunicacións	94	1.410	3.031.354
Turismo e hostalaría	65	975	3.649.986
Total	1.781	26.715	62.669.803

Fonte: Consellería de Traballo

○ 2.2.2.

e máis do trinta por cento dos alumnos e do presuposto.

Aos 171 cursos de formación con compromiso de contratación programados no exercicio 2006 asistiron un total de 2.565 alumnos, ascendendo o seu orzamento a 1.475 miles de euros. Comparado co ano anterior cómpre salientar o forte incremento do número de cursos programados, que para 2005 foran 62 (885 alumnos). O **cadro 2.2.4.** reflicte a importancia relativa do subsector de automoción, que acolle en torno ao oitenta por cento dos cursos e alumnos e a metade do orzamento total programado.

Con cargo ao presuposto do Plan FIP, impartíronse un total de 193 cursos de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 8,3 millóns de euros. Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, dos datos do **cadro 2.2.6.** despréndese unha menor concentración que a existente nos anteriores tipos de programación, xa que as dúas actividades máis importantes, as de edificación e obras públicas e industrias de fabricación equipos electromecánicos, acollen a cuarta parte dos cursos e alumnos, e menos do trinta por cento do presuposto.

Ao longo do exercicio de 2006, no ámbito do Plan autonómico de formación de formadores, programáronse 22 cursos de formador ocupacional (14 máis que no exercicio anterior), aos

Cursos con compromiso de contratación 2005-06

	2005			2006		
	Cursos	Alumnos	Importe (en €)	Cursos	Alumnos	Importe (en €)
A Coruña	12	181	306.858	7	110	114.494
Lugo	15	221	370.024	4	50	178.667
Ourense	15	250	403.065	16	228	409.555
Pontevedra	20	233	94.251	144	2.177	772.283
Total	62	885	1.174.198	171	2.565	1.474.999

Fonte: Consellería de Traballo

○ 2.2.3.

Cursos con compromiso de contratación 2006: distribución sectorial

Sector	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)
Automoción	135	2.050	741.574,0
Comercio	20	298	280.468,0
Edificación e obras públicas	3	37	108.076,0
Industria pesada e construcións metálicas	1	10	26.507,0
Industrias agroalimentarias	1	10	19.856,0
Industrias da madeira e cortiza	1	15	60.585,0
Industria química	2	35	-
Industrias téxtiles	1	15	29.490,0
Mantemento e reparación	1	10	35.359,0
Sanidade	5	75	144.759,0
Servizos á comunidade e persoais	1	10	28.325,0
Total	171	2.565	1.474.999

Fonte: Consellería de Traballo

○ 2.2.4.

que asistiron un total de 330 alumnos (120 menos que en 2005). O orzamento total para 2006 ascendeu ata os 478.000 euros (cen mil no curso precedente).

No último ano programáronse un total de 253 cursos formativos cofinanciados polo Fondo Social Europeo, dos que 178 corresponden a accións formativas que se poidan considerar de carácter experimental. Destes 253 cursos, máis do setenta por cento das accións formativas (184 cursos) foron dirixidas a traballadores ocupados, nas que participaron un total de 3.421 alumnos (o 75,8% dos alumnos que asisten a estes cursos cofinanciados polo FSE). O presuposto das accións formativas cofinanciadas polo FSE programadas para 2006 ascendeu a 3,6 millóns de euros, dos que o 2,2 millóns de euros corresponden ás accións dirixidas aos ocupados e 1,4 millóns, ás accións formativas dirixidas aos desempregados.

• Formación profesional continua

Este sistema de formación profesional divídese en dous tipos de accións, os contratos programas e as accións complementarias e de acompañamento á formación. En conxunto, o investimento total nas 1.359 accións ou proxectos programados ascendeu a 13.445.979 euros.

En canto aos contratos programa, para o exercicio 2006 programáronse un total de 1.344 accións formativas dirixidas na súa totalidade a traballadores ocupados, ascendendo o seu presuposto aos 11.447.979 euros. En relación ás accións complementarias e de acompañamento á formación, o orzamento investido nos 25 proxectos dirixidos ao estudo da formación profesional continua en Galicia, ascendeu a 1.998.000 euros.

Programación con medios propios ⁽¹⁾ 2005-06

	2005			2006		
	Cursos	Alumnos	Importe (en €)	Cursos	Alumnos	Importe (en €)
A Coruña	66	857	2.179.060	74	1.110	2.898.435
Lugo	56	612	1.716.345	44	660	1.646.406
Ourense	27	114	956.739	50	750	2.587.980
Pontevedra	20	301	614.527	25	375	1.146.134
Total	169	1.884	5.466.670	193	2.895	8.278.955

(1) cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia
Fonte: Consellería de Traballo

○ 2.2.5.

Programación con medios propios 2006: distribución sectorial

Sector	Cursos	Alumnos	Presuposto (en €)
Agraria	13	195	488.886
Artesanía	2	30	114.656
Automoción	9	135	621.128
Edificación e obras públicas	30	450	1.326.996
Industria pesada e construcións metálicas	17	255	811.987
Industrias alimentarias	1	15	56.084
Industrias da madeira e cortiza	13	195	623.788
Industrias de fabricación equipos electromecánicos	19	285	1.035.370
Industrias téxtiles	1	15	33.115
Mantemento e reparación	12	180	524.180
Montaxe e instalacións	14	210	632.343
Produc., transf. e distrib. de enerxía e auga	3	45	99.360
Sanidade	10	150	308.411
Seguros e finanzas	2	30	67.428
Servizos á comunidade e persoais	18	270	518.520
Servizos ás empresas	14	210	456.222
Transportes e comunicacións	5	75	70.966
Turismo e hostalaría	10	150	489.517
Total	193	2.895	8.278.957

Fonte: Consellería de Traballo

○ 2.2.6.

Promoción de emprego

En canto aos distintos programas de incentivos dirixidos á mellora da empregabilidade dos traballadores distínguense catro grandes grupos de actuacións: os destinados ao fomento da contratación por conta allea e da estabilidade laboral, os dirixidos ao apoio a emprendedores, auto-emplego e economía social, os programas integración laboral das persoas con discapacidade e finalmente, os programas de cooperación e programas mixtos de formación e emprego. No ano 2006 establecéronse novos programas de axudas, entre os que salientan a creación de incentivos para promover a afiliación á seguridade social das persoas cotitulares de explotacións agrarias.

• Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral

Ao longo do exercicio 2006, o número de traballadores beneficiarios deste tipo de actuacións foi de 9.398 persoas (o 54,1% son mulleres), ascendendo o número de empresas beneficiarias destas axudas a 4.607.

No último ano estableceuse un novo programa de incentivos á contratación por conta allea co obxectivo final de favorecer a inserción das persoas menores de 30 anos. Tal como reflicte o **cadro 2.2.7.**, un total de 3.747 traballadores e 2.367 empresas beneficiáronse destas actuacións. Ao mesmo tempo, cómpre salientar as actuacións destinadas a favorecer a creación de emprego e da estabilidade laboral, que afectan a 1.665 empresas e 4.747 persoas. Estes dous programas acolleron en conxunto, nove de cada dez empresas e traballadores beneficiarios.

Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral 2005-06

	2005		2006	
	empresas	traballadores	empresas	traballadores
Fomento da contratación por conta allea e da estabilidade laboral	6.679	9.962	4.607	9.398
Fomento do emprego e da estabilidade laboral	2.210	4.104	1.665	4.747
Fomento da contratación indefinida de colectivos desfavorecidos	2.275	2.901	434	746
Fomento da contratación de mozos e mozas	-	-	2.367	3.747
Fomento da contratación en prácticas e temporal de beneficiarios laborais	1.564	2.226	-	-
Conciliación da vida laboral e familiar	243	261	68	71
Contratación de traballadores en risco de exclusión social	387	470	73	87
Apoio a emprendedores, autoemprego e economía social	-	7.213	344	6.529
Promoción de emprego en cooperativas e sociedades laborais	-	996	344	639
Apoio ao emprego autónomo	-	5.869	-	5.362
Iniciativas de emprego: ILES / IER / IEBT's (1)	-	348	-	348
Programa de incentivos para promover a afiliación á S.S. das persoas cotitulares de explotacións agrarias	-	-	-	164
Programa de axudas á xeración da actividade no marco do proxecto europeo Equal Compostela Social	-	-	-	16
Integración laboral das persoas con discapacidade	579	1.953	572	2.062
Creación de centros especiais de emprego	25	94	13	62
Mantemento de centros especiais de emprego	100	1.353	102	1.490
Traballadores autónomos	89	89	77	77
Contratación indefinida de discapacitados	365	417	373	417
Unidades de apoio	-	-	7	16
Programas de cooperación e progr. mixtos de formación e emprego	1.126	8.080	1.138	11.179
Programas de cooperación con entidades locais	614	4.474	585	5.490
Programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro	443	1.237	428	1.384
Escolas obradoiro	18	759	20	848
Obradoiros de emprego	47	1.573	97	3.376
Unidades de promoción e desenvolvemento	4	37	8	81

(1) ILE, Iniciativas locais de emprego; IER, Iniciativas de emprego rural; IEBT, Iniciativas de emprego de base tecnolóxica
Fonte: Consellería de Traballo

○ 2.2.7.

• Programas de apoio a emprendedores, autoemprego e economía social

As devanditas actuacións para favorecer a contratación por conta allea complementáanse cunha serie de programas de apoio aos emprendedores para facilitarles a creación do seu propio traballo. O número total de traballadores beneficiarios dos cinco grandes programas de axudas ao autoemprego e á economía social recollidos no devandito **cadro 2.2.7.** ascendeu en 2006 a 6.529 (3.380 homes e 3.149 mulleres).

O programa máis importante, en canto ao número de traballadores beneficiarios se refire, foi o de promoción do emprego autónomo, no que un total 5.362 desempregados que se constituíron como autónomos percibiron axudas para o inicio da súa actividade, subvencións financeiras e a axuda excepcional.

Para o ano 2006 estableceuse un novo programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social, en coordinación coas melloras introducidas no ámbito estatal, das persoas cotitulares de explotacións agrarias. Con estas medidas, que afectan a 164 traballadores (152 mulleres), preténdese que as cotizacións se reduzan en Galicia ata un 50%.

Asemade, cómpre salientar que no último ano se desenvolveu un programa de axudas á xeración de actividade no marco do proxecto europeo "Equal Compostela Social". Deste programa beneficiáronse 16 persoas (13 mulleres).

• Programas de apoio á integración laboral das persoas con discapacidade

Un total de 2.062 persoas con discapacidade (1.282 homes e 780 mulleres) beneficiáronse das axudas deste programa de integración laboral ao longo do ano 2006, ben sexa polo mantemento destes traballadores nos centros especiais de emprego (1.490 persoas), polo contratación indefinida na empresa ordinaria (471 persoas), pola constitución do seu propio negocio (77 persoas) ou ben opola creación de postos de traballo en centros especiais de emprego (62 persoas con discapacidade).

Como novidade cómpre salientar o establecemento dun novo programa de subvencións ás

unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axustamento persoal e social dos centros especiais de emprego.

• **Programas de cooperación e programas mixtos de formación e emprego**

Estes programas fai referencia a tres grandes grupos de actuacións: o de cooperación con entidades locais; os programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro; e as escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento.

En relación aos programas de cooperación con entidades locais, no último exercicio beneficiáronse destas axudas un total de 5.490 traballadores (1.016 persoas menos que no ano anterior) e 585 entidades (29 menos que en 2005). No eido destes programas de cooperación, destacan as axudas á “contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social”, con 336 entidades e 5.211 traballadores desempregados, situándose a duración media dos contratos en torno aos 8 meses.

No que atinxe aos programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, ao longo do ano 2006 o número de entidades beneficiadas ascendeu a 428 (15 menos que no ano anterior) participando nos mesmos un total de 1.237 traballadores desempregados (147 máis que en 2005). Ao igual que no caso dos programas de cooperación con entidades locais, as actuacións máis importantes corresponden ás relativas á “contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral”, con 334 entidades e 1.130 traballadores, sendo a duración media dos contratos de 11,3 meses.

No concernernte ás escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento, ao longo do exercicio de 2006 beneficiáronse das súas accións formativas un total de 4.224 persoas desempregadas, 848 mozos desempregados menores de 25 anos nas 20 escolas obradoiro en funcionamento nese ano e 3.376 traballadores desempregados nos 97 obradoiros de emprego en funcionamento en 2006. No último ano puxéronse en marcha 10 novas escolas obradoiro e 51 proxectos de obradoiros de emprego, nos que participan 402 mozos desempregados e 1.746 desempregados maiores de 25 anos, respectivamente.

No concernernte ás unidades de promoción e desenvolvemento (UPD), en 2006 estiveron en funcionamento oito UPD (catro no ano anterior), con 81 traballadores beneficiados (37 en 2005).

Asemade, ao longo do ano 2006 o número de proxectos en funcionamento foi de sete, dos que dous foron escolas obradoiro, con 88 alumnos participantes, e cinco obradoiros de emprego, con 186 alumnos.traballadores. ■